

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 16 de decembro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego

**Invitados:**

D. Javier Pardo Espiñeira  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezaseis de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1316).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión sesión ordinaria e extraordinaria e urxente de 25 de novembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 2 de decembro e extraordinaria e urxente do 5 de decembro de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

## 2(1317).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ESTACIÓNS DE TRABALLO DE SOBREMESA E PANTALLAS. EXPTE. 7854/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 1/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

### 4.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)

### ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de agosto de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 18 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

VALORACIÓN TOTAL			
Valoración	Técnica	Económica	Total
<b>TELINCO</b>			
Valoración	14,7	76,46	91,16
<b>PAZ DISMAC</b>			
Valoración	14,75	71,33	86,08
<b>AEVIGO</b>			
Valoración	16,25	67,86	84,11
<b>SIVSA</b>			
Valoración	15,5	64,89	80,39
<b>HERBECON</b>			
Valoración	17,3	59,49	76,79
<b>PLEXUS</b>			
Valoración	14,5	44,01	58,51
<b>INFOSER</b>			
Valoración	15,2	9,39	24,59
<b>INFORHOUSE</b>			
Valoración	15,5	7,80	23,30
<b>TELEFONICA</b>			
Valoración	15,5	7,51	23,01

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113) na seguinte orde descendente:*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELINCO INFORMÁTICA, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 872,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

*Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELINCO INFORMÁTICA, SLU, o día 18 de novembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 25 novembro, dentro do prazo concedido.*

*Cuarto.- A Mesa de contratación na sesión do 28 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELINCO INFORMÁTICA, SLU de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 19 de outubro de 2016 e co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula do 2 de novembro de 2016, asinados ambos os dous polo xefe da Área de Administración Electrónica.*

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a TELINCO INFORMÁTICA, SLU o procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 50.000,00 euros, cos seguintes prezos unitarios:*
  - *O prezo dos equipos de sobremesa a subministrar ao Concello é de 245 euros (IVE incluído)*
  - *O prezo dos monitores a subministrar ao Concello é de 117 euros (IVE incluído)*
  - *O prezo das tablets a subministrar ao Concello é de 389 euros (IVE incluído)*
- b) *O prazo de garantía para o hardware e o software increméntase en 12 meses (prazo de garantía total para o hardware de 60 meses e para o software de 24 meses).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1318).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DO PARQUE DO CASTRO. EXPTE. 8492/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 9/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 1/12/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 1 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### **4.- Propostas de adxudicación**

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446)

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de maio de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 21 de outubro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acorda pola Mesa de Contratación, na sesión do 24 de agosto de 2016, do procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) aos seguintes licitadores:*

- *CALFENSA PROYECTOS, SL, por non presentar o plan de emerxencia que esixe a cláusula 9 do PPT e o apartado 7A das FEC do PCAP. O contido do plan presentado polo licitador expón unicamente as medidas en caso de prevención de riscos.*
- *SIFU,S.L. por non presentar o plan de emerxencia que esixe a cláusula 9 do PPT e o apartado 7 A das FEC do PCAP.*
- *XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL, por non presentar o plan de emerxencia que esixe a cláusula 9 do PPT de acordo co esixido en dita cláusula, xa que considera só un operario oficial cando no PPT especificábase que “nunca será inferior a 2 persoas e cos medios materiais necesarios”.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:*

<i>Licitador</i>	<i>Puntos totais</i>
<i>ALTHENIA, SL</i>	<i>97,25</i>
<i>AGRONERGA, SL</i>	<i>86,04</i>
<i>ELSAMEX, SA</i>	<i>81,18</i>
<i>ALVAC, SA</i>	<i>68,39</i>
<i>EULEN, SA</i>	<i>52,21</i>

*Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALTHENIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.687,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALTHENIA, SL, o día 25 de outubro de 2016.

Transcorrido o prazo sen que ALTHENIA, SL presentase a documentación requirida, enténdese que retira a súa oferta, polo que, de conformidade co previsto no artigo 151.2 do TRLCSP, procede requirir a mesma documentación ao seguinte licitador na orde na que quedaron clasificadas as ofertas. En base a isto, a Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 18 de novembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Requerir ao licitador clasificado en segundo lugar, AGRONERGA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Segundo.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.687,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en segundo lugar, AGRONERGA, SL, o 18 de novembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 28 e o 30 de novembro de 2016, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de contratación na sesión do 1 de decembro de 2016 revisou a documentación presentada por AGRONERGA, SL, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSF).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, logo da retirada da oferta por ALTHENIA, SL, é a formulada por AGRONERGA, SL de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 12 de agosto de 2016 e co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula do 16 de setembro de 2016, asinados ambos os dous polo xefe de Montes, Parques e Xardíns.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a AGRONERGA, SL o procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) por un prezo total de 211.457,52 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.699,24 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada”.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **4(1319).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 55ª EDICIÓN GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL-CARREIRA DO PAVO, O VINDEIRO DOMINGO 18 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 15086/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 2/12/16, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

### 1.- ANTECEDENTES:

A Federación Galega de Atletismo, con CIF (G15103500), solicitou o día 29-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160054948), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 55º EDICION GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL-CARREIRA DO PAVO
- Data: 18 de decembro de 2016
- Horario: DE 10.15H A 12.15H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 18 de decembro de 2016. A proba comezará ás 10.15h, cunha duración aproximada de dúas horas. Esta proba terá o percorrido seguinte:saída dende a Praza de Compostela(parte sur), para seguir por Concepción Areal, Montero Rios , Pablo Morillo, Luis Taboada, Castelar, Montero Rios, García Olloqui, Praza de Compostela(parte oeste) para rematar na Praza de Compostela onde se atopará a meta .

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Seguridade

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

### 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Federación Galega de Atletismo, con CIF (G15103500) , a organizar a proba deportiva denominada 55º EDICION GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL-CARREIRA DO PAVO, o vindeiro domingo 18 de decembro de 2016, en horario de 10.15 a 12.15horas, co percorrido seguinte: saída dende a Praza de Compostela(parte sur), para seguir por Concepción Areal, Montero Rios , Pablo Morillo, Luis Taboada, Castelar, Montero Rios, García Olloqui, Praza de Compostela(parte oeste) para rematar na Praza de Compostela onde se atopará a meta .



### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1320).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 6700/335.**

Dáse conta do informe de data 2/12/16, asinado polo técnico de xestión do Servizo de Festas, a xefa e a concelleira, ambas de dito Servizo, que di o seguinte:

*Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016, aprobadas polo Pleno con data 09/12/2015, faise a seguinte*

#### **PROPOSTA:**

*Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de novembro de 2016.*

*Expte: 6684/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O NADAL 2016*

*Decreto concelleira data: 24/11/2016*

*Informe Intervención: RCM 116992*

*Adxudicatario: VARADERO COMUNICACIÓN SAU*

*Importe total: 14.390,53 EUROS*

*Expte: 6688/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN CARTEIRO REAL POR BARRIOS E ZONAS COMERCIAIS*

*Decreto concelleira data: 28/11/2016*

*Informe Intervención: RCM 119038*

*Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN SL*

*Importe total: 11.524,04 EUROS*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **6(1321).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MOVE VIGO 2016”. EXPTE. 6645/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 1/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 30/11/16, asinado polo técnico de xestión do Servizo de Festas, a xefa e a concelleira-delegada, ambas do Servizo de Festas, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo o 9 de decembro de 2015 aprobou definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio presupostario 2016. Neste Orzamento consta a aplicación presupostaria nominativa 3380.489.0009 (Convenio Federación Eduardo Chao – Move Vigo), cunha dotación presupostaria de 17.100,00 euros, que daría cobertura presupostaria á organización do programa “Move Vigo 2016” por parte da Federación de Asociacións veciñais “Eduardo Chao” de Vigo (CIF G-36.681.708).

En data 2 de setembro, a Federación de asociacións veciñais Eduardo Chao de Vigo achega unha serie de documentos como proxecto de convenio para o programa Move Vigo 2016. Tras a análise da documentación presentada, o Servizo de Festas solicita á entidade os documentos necesarios para a tramitación do correspondente expediente de subvención nominativa.

En data 3 de novembro, a entidade presenta parte da documentación anteriormente solicitada pero incompleta, polo que o Servizo de Festas o 7 de novembro notifica a necesidade de que se corrixa esta documentación, volvéndolle a conceder un prazo de dez días hábiles e advertindo expresamente que as Operacións de peche do exercicio orzamentario 2016 recollen como data límite para a remisión a Intervención xeral de xustificacións de subvencións o 9 de decembro (así como dos trámites necesarios previos á aprobación do expediente de convenio).

O prazo concedido na notificación do 7 de novembro atópase esgotado sen que a entidade teña atendido ao que se lle solicitaba. Neste momento, segue pendente a presentación por parte da entidade de:

- Proxecto de programa e Presuposto cunha serie de aclaracións;
- Certificación da Consellería de Economía e Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia;
- Copia de póliza de responsabilidade civil e recibo de pagamento da prima vixente correspondente ao período das actividades programadas.

Ademais, constan no expediente certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria e do Concello de Vigo, que evidencian que a entidade non está ao corrente nas súas obrigas tributarias con ambas as dúas administracións.

Conforme ao réxime xurídico das subvencións (contido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións, entre outros), o procedemento dunha concesión de subvención nominativa debe observar, entre outros, os seguintes extremos:

- Os artigos 13.2 da Lei 38/2003 e 10.2 da LG 9/2007 dispoñen que non poden obter a condición de beneficiario de subvencións as persoas ou entidades que non se atopen ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social;
- Os artigos 14 da Lei 38/2003 e 11.e) da LG 9/2007 establecen que é obriga dos beneficiarios das subvencións acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social;
- O artigo 22 do RD 887/2006 recolle as condicións que deben ter as certificacións que acrediten o cumprimento do anterior.

*A falta de acreditación deste requisito en prazo, imputábel unicamente á Federación de asociacións veciñais Eduardo Chao, conleva que non poida ter a condición de beneficiaria e, polo tanto, non se lle conceda a subvención.*

*En relación ao anterior prazo de acreditación, cómpre lembrar que:*

*- O peche e liquidación do presuposto, en canto ao pagamento de obrigas, debe efectuarse o 31 de decembro do ano natural (Artigo 89.1 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo relativo aos orzamentos da Lei de facendas locais).*

*–O prazo de xustificación de calquera subvención non pode ser despois da segunda semana de decembro (Base 38.11 das Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2016, aprobadas conxuntamente co Orzamento municipal).*

*–As normas de Operacións de peche do exercicio orzamentario 2016 indican que as subvencións cuxas bases contemplen a xustificación das mesmas dentro do exercicio deberán ser remitidas a Intervención xeral para a súa comprobación con data límite o día 9 de decembro (extremo que se comunicou á entidade expresamente o 7 de novembro).*

*Do anterior, despréndese que a aprobación da subvención debería estar feita tamén con anterioridade a estas datas de modo que a posterior xustificación das axudas puidese realizarse dentro dos prazos indicados.*

*Coa finalidade de dar resolución ao procedemento de concesión de subvención nominativa, consonte ao artigo 42.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, propónse a resolución do expediente por parte do órgano competente. De conformidade co artigo 127,1,g) da Lei 7/1985, de 2 de maio, reguladora das bases do réxime local, corresponderá a Xunta de Goberno Local esta resolución.*

*Á vista do exposto, previo o informe xurídico, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA:**

*“1º.- Non conceder a subvención prevista nominalmente a favor da Federación de Asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” (G-36.681.708) para o convenio de organización polo programa “Move Vigo 2016”, toda vez que non quedou acreditado por parte da entidade o requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias, necesario para obter a condición de beneficiaria da subvención.*

*2º.- Notificar este acordo á Federación de asociacións veciñais Eduardo Chao, con indicación dos recursos que poderá interpoñer contra o mesmo, garantindo deste xeito o seu dereito de defensa en vía administrativa.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1322).- ABOAMENTO DE GASTOS DE COMUNIDADE DE PROPIETARIOS/AS DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA COMO CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DENOMINADA “VIVENDA DE PROTECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO III” CO NÚM. E-638-C-8. EXPTE. 7402/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/11/16, e o informe de fiscalización do 7/12/16, dáse conta do informe-proposta do 24/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de dito servizo, o concelleiro de Patrimonio e o concelleiro de Facenda, que di o seguinte:

*Na sesión de data 05/05/2008 a Xunta de Goberno Local acordou a aceptación da cesión realizada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo de tres vivendas destinadas ao colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero, que xestiona desde entón a Concellería de Igualdade.*

*En data 17/03/2015 o Departamento municipal de Patrimonio traslada a este órgano xestor instrucións para que a partir desa data a Concellería de Igualdade realice a tramitación do pago das cuotas de comunidade das tres vivendas que integran a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*Con respecto á vivenda municipal identificada pola Xunta de Galicia como centro de servizos sociais denominado “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero III” co núm. E-638-C-8, este servizo tramitou no exercicio 2016, o abono das débedas correspondentes ás cuotas ordinarias do período comprendido entre decembro 2015 e maio 2016, ambos incluídos.*

*Mediante escrito de data 21 de novembro de 2016 a Administradora de fincas “Norsegur” comunica que a débeda que ata esa data o Concello de Vigo mantén coa comunidade de propietarios/as, ascende a 240,00€, que corresponde ás cuotas ordinarias da comunidade no período comprendido entre o mes de xuño e novembro de 2016, ambos incluídos; 6 mensualidades a razón de 40,00 euros/mes.*

*Incorpórase ao expediente a escritura de cesión da propiedade, escrito da Administradora de fincas e maillo oficio enviado polo Departamento de Patrimonio a este servizo.*

*Polo exposto, e previo informe xurídico e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“ Aboar á comunidade de propietarios/as da vivenda identificada como centro de servizos sociais denominada “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero III” co núm. E-638-C-8, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello, a cantidade de 240,00 euros, polo período que abrangue entre o mes de xuño e novembro de 2016, ambos incluídos, con cargo á partida “mantemento comunidades” 9200 2120005 do orzamento vixente.”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(1323).- ABOAMENTO DE GASTOS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS/AS DA VIVENDA IDENTIFICADA COMO CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DENOMINADA “VIVENDA DE PROTECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO II” CO NÚM. E-638-C-7. EXPTE. 7405/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/11/16, e o informe de fiscalización do 7/12/16, dáse conta do informe-proposta do 25/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de dito servizo, o concelleiro de Patrimonio e o concelleiro de Facenda, que di o seguinte:

*Na sesión de data 05/05/2008 a Xunta de Goberno Local acordou a aceptación da cesión realizada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo de tres vivendas destinadas ao colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero, que xestiona desde entón a Concellería de Igualdade.*

*En data 17/03/2015 o Departamento municipal de Patrimonio traslada a este órgano xestor instrucións para que a partir desa data a Concellería de Igualdade realice a tramitación do pago das cuotas de comunidade das tres vivendas que integran a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*Con respecto á vivenda municipal identificada pola Xunta de Galicia como centro de servizos sociais denominado “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero II” co núm. E-638-C-7, este servizo tramitou no exercicio 2016, o abono das débedas correspondentes ás cuotas ordinarias do período comprendido entre decembro 2015 e maio de 2016 (ambos incluídos).*

*Segundo a comparecencia feita o día 23/11/2016 polo presidente da comunidade, a débeda que ata esa data o Concello de Vigo mantén coa comunidade de propietarios/as ascende a 360,00€, que corresponden ás cuotas ordinarias de comunidade no período comprendido entre o mes de xuño e novembro de 2016 (ambos incluídos); 6 mensualidades a razón de 60€/mes.*

*Incorpórase ao expediente a escritura de cesión da propiedade, escrito da comunidade e mailo oficio enviado polo Departamento de Patrimonio a este servizo.*

*Polo exposto, e previo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“ Aboar á comunidade de propietarios/as da vivenda identificada como centro de servizos sociais denominada “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero II” co núm. E-638-C-7, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello, a cantidade de 360,00 euros, polo período que abrangue entre o mes de xuño e novembro de 2016, ambos incluídos, con cargo á partida “mantemento comunidades” 9200 2120005 do orzamento vixente.”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1324).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2016”. EXPTE. 7089/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 7/12/16, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de dito servizo e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en data 2 de setembro de 2016 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2016”.*

*Á entidade Faraxa, CIF: G27728658, foille concedida unha axuda por importe de 1598,77€ para a realización do proxecto “Apoio ó asociacionismo de Faraxa nas redes sociais e consolidación na cidadanía de Vigo”.*

*A entidade Faraxa, con data 30 de novembro de 2016, presenta documento nº 160162455 no Rexistro Xeral do Concello renunciando á subvención concedida pola imposibilidade de levar a cabo a totalidade do proxecto.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“ Aceptar a renuncia á subvención concedida ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2016” presentada pola entidade Asociación Faraxa pola abolición da prostitución con CIF: G27728658”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(1325).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “XORNADAS DAS MULLERES VECIÑAIS 2016”. EXPTE. 7247/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 30/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

No orzamento do Concello de Vigo para o exercicio presupostario 2016, consta a aplicación presupostaria nominativa 2311.489.0005 (Convenio Federación Eduardo Chao – Xornadas Veciñais), cunha dotación presupostaria de 6.000,00 euros, que daría cobertura presupostaria á organización e desenvolvemento das “XORNADAS DAS MULLERES VECIÑAIS 2016” por parte da Federación de Asociacións veciñais “Eduardo Chao” de Vigo (G-36681708).

Mediante escrito con data de Rexistro de saída de 11.07.2016, (documento nº 17947 recibido o 18.07.2016) a Concellería de Igualdade solicita á Federación de Asociacións veciñais "Eduardo Chao" de Vigo que entregue no Concello a documentación necesaria (e que se relacionaba como anexo nese documento) para iniciar a xestión do correspondente expediente de subvención nominativa.

En data 29 de xullo de 2016, a Federación de Asociacións veciñais Eduardo Chao de Vigo (FAVEC) presenta a través do Rexistro Xeral deste Concello (documento con nº de entrada 160104048), escrito no que achega o documento "Proxecto XXIII Xornadas das Mulleres Veciñais 2016".

Logo de revisar a documentación aportada por esa entidade e comprobar que está incompleta, a Concellería de Igualdade requírelle para que subsane este feito e complete o expediente aportando a documentación requirida polo Concello (documentos con rexistro de saída núm. 22195, recibido pola FAVEC o día 21.09.2016).

En data 3 de outubro de 2016 a FAVEC presenta no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (data de rexistro de entrada no Concello o 05.10.2016) parte da documentación requirida e solicita unha ampliación de prazo para a presentación de certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

Valorando a petición desa entidade de ampliar o prazo para achegar esta documentación, e atendendo 1º) a que esta documentación xa lle fora requirida en datas 18.07.2016 e 21.09.2016 e 2º) atendendo tamén a que transcorreu máis dun mes desde a data na que se solicita esa ampliación sen que a FAVEC achegue a documentación requirida, a Concellería de Igualdade, mediante escrito con data de Rexistro de saída 10.11.2016, documento núm. 32493 (recibido pola FAVEC o día 10.11.2016) concédelle un último prazo de 5 días hábiles para completar o expediente e achegar a documentación requirida. Neste último escrito, infórmase á FAVEC de que a Tesourería municipal emitiu o 7 de novembro de 2016, certificación na que se acreditaba que esa entidade ten actualmente débedas pendentes con esta administración local e se lle comunicaba que esta circunstancia, de non ser resolta, imposibilita a tramitación do expediente de colaboración entre ambas entidades.

Nese último requirimento, este órgano xestor tamén informaba e xustificaba a urxencia para que a FAVEC presentase a documentación pola proximidade do peche do exercicio presupostario. Neste sentido, o requirimento informaba das Instrucións para Operacións de peche do exercicio orzamentario 2016 que recollen que a data límite para a remisión á Intervención Xeral das xustificacións de subvencións é o 9 de decembro de 2016. Así como que, con carácter previo a esta data e a calquera xustificación, son obrigatorios os seguintes trámites previos: Redacción do expediente administrativo e de proposta do texto do convenio; aceptación da proposta do texto do convenio por parte da FAVEC; Informe xurídico; Informe de Intervención Xeral; Aprobación do convenio pola Xunta de Goberno Local; sinatura do convenio por ambas entidades e execución das actividades derivadas do convenio aprobado.

Remata o último prazo concedido no requirimento sen que a FAVEC achegue a documentación requirida.

Conforme ao réxime xurídico das subvencións (contido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral

de Subvencións, entre outros) o procedemento dunha concesión de subvención nominativa debe observar os seguintes extremos:

- Os artigos 13.2 da Lei 38/2003 e 10.2 da Lei de Galicia 9/2007 dispoñen que non poden obter a condición de beneficiarias de subvencións as persoas ou entidades que non se atopen ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
- Os artigos 14 da Lei 38/2003 e 11.e) establecen que é obriga das entidades beneficiarias das subvencións acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- O artigo 22 do Real Decreto 887/2006 recolle as condicións que deben ter as certificacións que acrediten o cumprimento anterior.

En ningún momento deste procedemento a Federación de Asociacións veciñais Eduardo Chao de Vigo presentou os certificados acreditativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería de Economía nin coa Seguridade Social; Asemade, segundo informe de data 07.11.2016 a Tesourería municipal acredita que esa entidade ten débedas pendentes con esta administración local.

Toda vez que o 9 de decembro finaliza o prazo indicado nas "Instrucións para Operacións de peche do exercicio orzamentario 2016" para remitir a Intervención Xeral as xustificacións de subvencións, cómpre resolver a non concesión de esta subvención nominativa pois a falta de acreditación deste requisito en prazo, imputable unicamente á FAVEC, leva á imposibilidade de obter a condición de beneficiaria e, polo tanto, non se lle conceda a subvención.

Coa finalidade de dar resolución ao procedemento de concesión de subvención nominativa, consonte co artigo 42.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, propónse a resolución do expediente por parte do órgano competente. De conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de maio, reguladora das bases do réxime local, corresponderá á Xunta de Goberno Local esta resolución.

Á vista do exposto, e previo informe xurídico, coa conformidade da concelleira delegada de Igualdade, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA:

1º.- Non conceder a subvención prevista nominativamente a favor da Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" (G-36681708) para a organización e desenvolvemento do programa "Xornadas das mulleres veciñais 2016", toda vez que non quedou acreditado por parte da entidade o requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias, necesario para obter a condición de beneficiaria da subvención.

2º.- Notificar este acordo á "Federación de asociacións veciñais Eduardo Chao", con identificación dos recursos que poderá interpoñer contra o mesmo, garantindo deste xeito o seu dereito de defensa en vía administrativa".

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**11(1326).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR POLO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 7462/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/12/16, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

*Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte*

**PROPOSTA:**

*Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de novembro do ano 2016.*

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria/o	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
7392-224	CMSE	Traslado do alumnado participante na acción "Enlaza Vigo contra a violencia de xénero"	Empresa Miño SL	23112279906	15/11/16	5.049,00 €
7393-224	CMSE	Sonorización do evento "Enlaza Vigo contra a violencia de xénero"	Sonido Collazo S L	23112279906	11/11/16	4.900,50 €
7394-224	CMSE	Instalación cadros eléctricos do evento "Enlaza Vigo contra a violencia de xénero"	Electricidad Remeseiro SL	23112279906	09/11/16	2.280,91 €
7379-224	CMSE	Traslado, montaxe e desmontaxe da exposición "A violencia sexual na xuventude. Infórmaté"	Ana Mª Costas Carbajal	23112279906	09/11/16	726,00 €
7414-224	CMSU	Adquisición estrutura cúbida para o parque "Mª Xosé Queizán"	Ebanisteria Feijoo, S L	23112219900	25/11/16	2.555,52 €

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**12(1327).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DE CONTRATO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE COLECTORES E PAPELEIRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6336/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/11/16, dáse conta do informe de data 8/11/16, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o técnico de Admón. Xeral adscrito á Área de Fomento, o concelleiro delegado de Limpeza e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### Antecedentes:

- D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa Contenur España S.L., presentou o 21 de outubro do 2016 un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, con número de documento 160140637, no que solicitaba a 14ª revisión ordinaria do prezo do contrato polo servizo de "instalación, limpeza e mantemento de colectores e papelerías dentro de termo municipal de Vigo".
- A anterior revisión ordinaria do prezo do contrato (13ª dende o inicio) aprobouse en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de xaneiro do 2016. Esta revisión do prezo fíxose efectiva para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2015 e o 30 de setembro de 2016 por un importe de 3.017.394,27€/ano (IVE do 10% engadido).
- A revisión solicitada actualmente, unha vez aprobada polo órgano de Contratación, suporá un novo prezo anual do contrato con efectos dende o 1 de outubro do 2016 ata o 31 de marzo do 2017, data na que está prevista a finalización do contrato.
- A unión temporal de empresas Contenur (60%) e Otto Industrial (40%), foi adxudicataria do concurso por acordo plenario de 29 de xullo do 2002, asinando o contrato o 30 de setembro dese mesmo ano e iniciando a prestación do servizo o día 1 de outubro seguinte.
- Posteriormente, en data 1 de xuño do 2009, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a cesión da participación da empresa Otto Industrial a favor de Contenur, polo que esta última é neste momento a adxudicatara única.
- A variación interanual do IPC entre setembro de 2015 e setembro de 2016, que corresponde co período de cálculo para a revisión solicitada, foi do 0,2% segundo á información oficial publicada polo Instituto Nacional de Estatística.

### Fundamentación xurídica:

A revisión ordinaria do prezo, solicitada pola empresa concesionaria, está prevista na cláusula VI do vixente prego de prescricións administrativas particulares que regula este contrato, na que se establece expresamente que:

- A revisión Ordinaria do prezo do contrato terá carácter anual.
- A dita revisión Ordinaria efectuarase conforme ás variacións que experimente o IPC (Índice de Prezos ao Consumo no conxunto Nacional), en cada período anual contractual, a partir da data que proceda segundo o precepto citado.

### Cálculo da revisión do prezo do contrato:

- O importe actual do prezo do contrato é: 3.017.394,27€/ano, IVE 10% engadido.
- O IVE soportado por esta administración é: 274.308,57€/ano.
- Importe actual do prezo do contrato sen IVE: 2.743.085,70€
- Importe do prezo do contrato actualizado (IPC= +0,2%): 2.748.571,87€
- O importe anual actualizado incluído o IVE 10%: 3.023.429,06€

- IVE a soportar por esta administración: 274.857,19€/ano.
- Importe da actualización: 502,90€/mes
- Importe da actualización (01/10/2016 a 31/03/2017; 6 meses): 3.017,39€
- Importe da actualización imputable ao exercizo 2016  
(01/10/2015 a 31/12/2015): 1.508,70€
- Importe da actualización imputable ao exercizo 2017  
(01/01/2017 a 31/03/2017): 1.508,70€

#### Atrasos

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado ata o día 31 de decembro do ano 2015. Non se consideran como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2016 e que serán regularizadas en todo caso este exercicio económico.

En tal sentido, e dado que a actualización de prezos aquí proposta ten efectos dende o día 1 de outubro do ano 2016, non procede a liquidación de atrasos.

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte

#### ACORDO

- Aprobar a 14ª revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo, cuxa concesionaria é a empresa CONTENUR, S.L., fixando o mesmo, a partir do 1/10/2016 ata o 31/03/2017 en 3.023.429,06€/ano, IVE 10% engadido, o que supón un incremento do prezo do contrato de 6.034,79€/ano, respecto do prezo actual.
- Dado que o prazo do contrato remata o día 31 de marzo do 2017, o importe da actualización é de 3.017,39€, dos que 1.508,70€ corresponderon aos meses de outubro a decembro do 2016, e 1.508,70€ corresponderon aos meses de xaneiro a marzo do 2017.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1328).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 35.037,06 € A FAVOR DE BBVA FINANCIA AUTORENTING S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RENTING DOS VEHÍCULOS DA POLICÍA LOCAL, AGOSTO-SETEMBRO 2016. EXPTE. 50638/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 8/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/16, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, o intendente-xefe da Policía Local e o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

I. O pasado 20 de novembro de 2015, o Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade mediante Decreto resolveu:

*“1º Que ante a inminente extinción do actual contrato de renting dos vehículos de vehículos para a Policía Local ( expte 34411/212), sin rematar a adxudicación do seguinte, e dada a indispensabilidade do mesmo para o eficaz exercicio das competencias propias en materia de Policía Local, ordenar que se siga prestando o servizo pola adxudicataria do actual contrato de renting.*

*En consecuencia, solicitar a BBVA FINANCIA AUTORENTING, S.A., que nas mesmas condicións económicas actuais, continúe coa prestación do servizo de renting dos 14 vehículos que próximamente rematan a prórroga, en tanto en canto non se comence a executar o próximo contrato.*

*Os vehículos e as datas de continuación da prestación son os seguintes:*

- 27/11/2015:  
2642HDK; 2656HDK; 2641HDK; 2643HDK; 2644HDK.*
- 10/12/2015:  
2645HDK; 1738HDK; 2655HDK; 2647HDK; 1739HDK.*
- 30/12/2015  
2658HDK; 2659HDK; 2653HDK; 2660HDK.*

*2º.- Que polo servizo da Policía Local se traslade a BBVA Financia Autorenting, S.A dita solicitude de continuación do servizo”.*

*II. Non en tanto, o 29 de decembro de 2015 causou baixa por sinistro total o vehículo matrícula 2655HDK. Asimesmo, o 26/03/2016, rematou a prórroga dos dous vehículos da clase 3: 4718HDS e 3213HGB.*

*III. A mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776 presenta a través da plataforma FACE:*

- Factura nº 11E169910000109119, data de 01/08/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 3213 HGB para o periodo 01/08/2016 ao 31/08/2016, (expte.50662 /212*
- Factura nº 11E169910000109120, data de 01/08/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 4718HDS para o periodo 01/08/2016 ao 31/08/2016, (expte.50663 /212*
- Factura nº 11E169910000109121, data de 01/08/2016, por importe de 14.780,45 €, en concepto de renting dos vehículos: 1738HDK, 1739HDK, 2641HDK, 2642,HDK, 2643HDK, 2644HDK, 2645HDK, 2647HDK, 2653HDK, 2656HDK, 2658HDK, 2659HDK, 2660HDK; para o periodo 01/08/2016 ao 31/08/2016, (expte.50664/212).*
- Factura nº 11E169910000123159, data de 01/09/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 3213 HGB para o periodo 01/09/2016 ao 30/09/2016, (expte.50666 /212).*

- Factura nº 11E169910000123160, data de 01/09/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 4718 HDS para o periodo 01/09/2016 ao 30/09/2016, (expte. 50667/212).
- Factura nº 11E169910000123161, data de 01/09/2016, por importe de 14.780,45 €, en concepto de renting dos vehículos: 1738HDK, 1739HDK, 2641HDK, 2642,HDK, 2643HDK, 2644HDK, 2645HDK, 2647HDK, 2653HDK, 2656HDK, 2658HDK, 2659HDK, 2660HDK; para o periodo 01/09/2016 ao 30/09/2016, (expte. 50665/212).

IMPORTE TOTAL:..... 35.037,06 €

IV. Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, por importe de 35.037,06 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 15 vehículos policiais, dende o 01 de agosto de 2016 ata o 30 de setembro do 2016, segundo as facturas que se detallan no apartado IX, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As facturas traen causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comenza a executarse o novo contrato de renting (expte. 43577/212), que xa foi adxudicado polo órgano de contratación ao Banco Santander e, actualmente, atópase en fase de transformación policial das primeiras unidades. Mentras tanto o Concello, ao carecer de vehículos policiais propios, sigue precisando do servizo de arrendamento de vehículos na modalidade de renting para a prestación dos servizos de disciplina do tráfico e seguridade de persoas e bens legalmente encomendados conforme aos estándares de eficacia socialmente esixidos.

Non en tanto a prestación durante este curto periodo que transita entre o remate da prórroga do anterior contrato de renting e o comenzo da execución no novo contrato en trámite, carece de mercado, é claramente un obxeto contractual residual, que non se obtería en mellores condicións económicas acudindo a un procedemento de contratación dos previstos no TRL-CSP.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

*O importe das mesmas responde aos prezos do contrato de renting extinguido, prezos máis baixos cós que rixen actualmente no mercado*

*Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.204.0000 (renting vehículos da policía local) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.*

*Ao expediente incorporouse tamén a declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.*

*En todo o demáis axustase a Instrución nº 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.*

*Cuarto.- O servizo de renting dos vehículos policías resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local, materia sobre a que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .*

*A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, lévase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei Orgánica 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade e a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais.*

*Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.*

*En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,*

**ACORDO:**

*1. Aprobar a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de de 35.037,06 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 15 vehículos policiais que se determinan nas facturas, dende o 1 de agosto ata o 31 de setembro do 2016, segundo as facturas que se detallan nos antecedentes, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo."*

*2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da policía local) e o su nivel de vinculación xurídica.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1329).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 17.518,53 € A FAVOR DE BBVA FINANCIA AUTORENTING S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RENTING DOS VEHÍCULOS DA POLICÍA LOCAL, OUTUBRO 2016. EXPTE. 51488/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 7/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 2/12/16, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, o intendente-xefe da Policía Local e o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*I. O 20 de novembro de 2015, o Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade mediante Decreto resolveu:*

*“1º Que ante a inminente extinción do actual contrato de renting dos vehículos de vehículos para a Policía Local ( expte 34411/212), sin rematar a adxudicación do seguinte, e dada a indispensabilidade do mesmo para o eficaz exercicio das competencias propias en materia de Policía Local, ordenar que se siga prestando o servizo pola adxudicataria do actual contrato de renting.*

*En consecuencia, solicitar a BBVA FINANCIA AUTORENTING, S.A., que nas mesmas condicións económicas actuais, continúe coa prestación do servizo de renting dos 14 vehículos que próximamente rematan a prórroga, en tanto en canto non se comence a executar o próximo contrato.*

*Os vehículos e as datas de continuación da prestación son os seguintes:*

*–27/11/2015:*

*2642HDK; 2656HDK; 2641HDK; 2643HDK; 2644HDK.*

*–10/12/2015:*

*2645HDK; 1738HDK; 2655HDK; 2647HDK; 1739HDK.*

*–30/12/2015*

*2658HDK; 2659HDK; 2653HDK; 2660HDK.*

*2º.- Que polo servizo da Policía Local se traslade a BBVA Financia Autorenting, S.A dita solicitude de continuación do servizo”.*

*II. Non en tanto, o 29 de decembro de 2015 causou baixa por sinistro total o vehículo matrícula 2655HDK. Asimesmo, o 26/03/2016, rematou a prórroga dos dous vehículos da clase 3: 4718HDS e 3213HGB.*

*III. A mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776 presenta a través da plataforma FACE:*

- Factura nº 11E169910000137152, data de 01/10/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 3213 HGB para o periodo 01/10/2016 ao 31/10/2016, (expte. 51490 /212
- Factura nº 11E169910000137153, data de 01/10/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 4718 HDS para o periodo 01/10/2016 ao 31/10/2016, (expte. 51491 /212
- Factura nº 11E169910000137154, data de 01/10/2016, por importe de 14.780,45 €, en concepto de renting dos vehículos: 1738HDK, 1739HDK, 2641HDK, 2642,HDK, 2643HDK, 2644HDK, 2645HDK, 2647HDK, 2653HDK, 2656HDK, 2658HDK, 2659HDK, 2660HDK; para o periodo 01/10/2016 ao 31/10/2016, (expte.51489 /212).

IMPORTE TOTAL:..... 17.518,53 €

IV. Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, por importe de 17.518,53 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 15 vehículos policiais, durante o mes de outubro de 2016, segundo as facturas que se detallan no apartado IX, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As facturas traen causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non se completa o subministro de vehículos do novo contrato de renting (expte. 43577/212), adxudicado polo órgano de contratación ao Banco Santander ( o 15 de novembro xa foron entregadas as 8 primeiras unidades) . Mentras tanto o Concello, ao carecer de vehículos policiais propios, sigue precisando do servizo de arrendamento de vehículos na modalidade de renting para a prestación dos servizos de disciplina do tráfico e seguridade de persoas e bens legalmente encomendados conforme aos estándares de eficacia socialmente esixidos.

Non en tanto a prestación durante este curto periodo que transita entre o remate da prórroga do anterior contrato de renting e o total subministro dos vehículos no novo contrato, carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual, que non se obtería en mellores condicións económicas acudindo a un procedemento de contratación dos previstos no TRL-CSP.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.



*Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).*

*O importe das mesmas responde aos prezos do contrato de renting extinguido, prezos máis baixos cós que rixen actualmente no mercado*

*Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.204.0000 (renting vehículos da policía local) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.*

*Ao expediente incorporouse tamén a declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.*

*En todo o demáis axustase a Instrución nº 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.*

*Cuarto.- O servizo de renting dos vehículos policíais resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local, materia sobre a que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 diciembre, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .*

*A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, lévase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei Orgánica 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade e a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais.*

*Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.*

*En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,*

**ACORDO:**

**1. Aprobar a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de de 17.518,53 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 15 vehículos policiais que se determinan nas facturas, durante o mes de outubro de 2016, segundo as facturas que se detallan nos antecedentes, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.”**

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da policía local) e o su nivel de vinculación xurídica.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1330).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 4.016,78 € A FAVOR DE TAELO S.COOP., POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓN PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, OUTUBRO-NOVEMBRO 2016. EXPTE. 51447/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 5/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 2/12/16, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, o intendente-xefe da Policía Local e o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*A mercantil TAELO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE:*

- *Factura de data 02/11/2016, nº. TR80105/16 por importe de 2008,39 € (IVE incluído) polo concepto de infraestrutura e mantemento da rede trunking, durante o mes de outubro de 2016 para o Corpo de Bombeiros, expte. 51446/212.*
- *Factura de data 30/11/2016, nº TR80107/16, por importe de 2008,39 € (IVE incluído) polo concepto de infraestrutura e mantemento da rede trunking, durante o mes de novembro de 2016 para o Corpo de Bombeiros, expte. 51586/212.*

*Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar un expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 por importe total de 4.016,78 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para o servizo de Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de outubro e novembro de 2016, segundo as facturas Nº. TR80105/16 e Nº TR80107/16, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo .*

*A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrución Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.*

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

*Primeiro.- As facturas traen causa dunha prestación de servizo levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, por motivos materiais, o servizo de Prevención e Extinción de Incendios non fai un uso pleno do servizo de comunicacións da rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia.*

*O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio de 2014 e, en tanto no se transitou hacia o sistema público, o Concello seguiu precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e extinción de incendios.*

*Non en tanto a prestación durante este período de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquera empresa distinta da última adxudicataria- TA-ELPO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademais a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELPO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o período da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto. Por outra parte, dada a singular e ventaxosa situación na que se atopa a comercial non resulta vulnerado o principio de igualdade.*

*Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.*

*Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).*

*En canto ao importe das facturas- 2008,39 €, ive engado, cada unha delas- responde a estimacións de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).*

*Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.*

*Ao expediente incorporáronse tamén sendas declaracións do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.*

*En todo o demáis axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.*

*Cuarto.- O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambos servizos constitúen materias sobre as que os Municipios ostentan competencias propias, di-*

*rectamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .*

*A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, levase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.*

*Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.*

*En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, ACORDO:*

*–Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de 4.016,78 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para o servizo de Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de outubro e novembro de 2016, segundo facturas Nº. TR80105/16 e Nº TR80107/16, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.*

*–Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking) e o seu nivel de vinculación xurídica.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(1331).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA DURANTE O MES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 1054/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/12/16, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

*En cumprimento das instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de OUTUBRO e NOVEMBRO de 2016.*

SERVIZO: Área de Cultura

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
996/330	19/10/16	ADQUISICIÓN DOS LIBROS "TERCEIRO CERTAME DE RELATOS DE VIGO HISTÓRICO" E "HISTORIAS PARA COÑECERMOS VIGO"	3340.220.01.00	9697	5104,52 €	MUNDO DETRÁ DEL MARCO, S.L. (EDITORIAL ELVIRA)
1017/330	15/11/16	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA MANTEMENTO E REPARACIÓNS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	3331.221.99.01	110892	3.000,00 €	XENÉRICO
1032/330	24/11/16	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REPARACIÓN DE AVARÍA NO SISTEMA DE SON DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	3331.227.99.00	116061	2.523,46 €	FLUGE GALICIA, S.L.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **17(1332).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 1714/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 2/12/16, asinado polo xefe do Servizo de Museos municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

*En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de NOVEMBRO, e que son os que deseguido se relacionan:*

NOVEMBRO 2016

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1687-341. Reserva xenérica de crédito para servizos de revisión e reparación de maquinaria e instalacións en dependencias museísticas. RCM 110890.	15/11/16	1.500,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1700-341. Subministración de material gráfico para a exposición "Tecido Cru II", na Casa Galega da Cultura. JULINDA MOLARES CARDOSO. NIF: 36084531S. RCM 118102.	25/11/16	1.088,33 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5803-337. Servizo de reparación de salas na Pinacoteca Municipal "Francisco Fernández del Riego". JOSE MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL). NIF: 36130547P. RCM 112696.	16/11/16	2.444,20 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5854-337. Reserva xenérica de crédito para revisión e reparación de maquinaria e utillaxe do Museo Municipal "Quiñones de León". RCM 112698.	16/11/16	1.500,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5802-337. Reserva de crédito para contratación de embalaxe e transporte de obra da exposición "A imaxe da muller na arte. Así nos ven. así somos". ARTECOM SERVICIOS INTEGRADOS DE ARTE, S.L. CIF: B36248268. RCM 101808.	02/11/16	2.722,50 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5829-337. Devolución de peza en préstamo temporal na exposición "Emporium. Mil anos de comercio en Vigo" ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. ARTECOM SERVICIOS INTEGRADOS DE ARTE, S.L. CIF: B36248268. RCM 101807.	02/11/16	713,90 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5833-337. Servizo de documentación da exposición "Circa 70. Lírica e deformación no cambio de era". ANDREA SERODIO DOMÍNGUEZ, NIF: 36149476P. RCM 112697.	16/11/16	2.081,20 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5832-337. Servizo de deseño gráfico da exposición "Circa 70. Lírica e deformación no cambio de era". VAZEY HERMANOS MARTÍN, S.L. B27759208. RCM 113010.	18/11/16	2.601,50 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5850-337. Servizo de deseño gráfico da exposición para a planta primeira do Pazo-Museo "Quiñones de León". VAZEY HERMANOS MARTÍN, S.L., CIF: B27759208. RCM 112997.	18/11/16	968,00 €

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5842-337. Servizo de transporte interno de obras de arte do Museo Quiñones de León Pazo de Castrelos-Pinacoteca FFDR-MARCO. JOSÉ ANGEL ACUÑA FARTO, NIF: 44082645V. RCM 113011.	18/11/16	2.903,69 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5858-337. Seguro de transporte de obra con motivo da exposición "Circa 70. Lírica e deformación no cambio de era". AXA ART compañía aseguradora. RCM 116057.	24/11/16	318,45 €
VERBUM (340)	Expte. 2545-340. Contrato menor reparación fuga aceite e implementación de melloras no motor do grupo electróxico do Verbum. ELECTRONAVIA INSTALACIÓNS E MANTEMENTO, S.L. CIF: B36977254. RCM 102246.	03/11/16	4.449,78 €
VERBUM (340)	Expte. 2547-340. Contrato menor de subministro e colocación dunha bomba de circulación do sistema de climatización do VERBUM. ORVAL PROYECTOS E INSTALACIONES, S.L. CIF: B36695757. RCM 102247.	03/11/16	2.153,80 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **18(1333).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ENTIDADES URBANÍSTICAS DE CONSERVACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5166/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/16, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo e conformado polo xerente da mesma, que di o seguinte:

Visto o proxecto de ordenanza municipal reguladora das Entidades urbanísticas de conservación do Concello de Vigo, redactado pola oficina de planeamento e xestión da Xerencia municipal de urbanismo, a instancia da súa Vicepresidencia, en orden a regular o réxime de asunción das obrigacións de mantemento e conservación das obras de urbanización, así como a súa duración, co contido, forma e prazos que nesta se sinalan, emítase o seguinte informe con proposta de acordo,

#### I.- Antecedentes e Feitos

I.1.- Mediante resolución da Vicepresidencia da Xerencia municipal de urbanismo de data 20.05.2016 encomendouse á oficina de Planeamento e xestión a redacción dunha ordenanza municipal reguladora das Entidades urbanísticas de conservación.

I.2.- Neste senso, e tal e como se reflicte na exposición de motivos do proxecto de ordenanza que nos ocupa, ao que nos remitimos na súa integridade por mor das necesarias concisión e brevidade, ante a “ausencia” de previsións temporais na lexislación e no planeamento vixente, faise necesario completar a regulación aplicable ás entidades urbanísticas de conservación existentes e que se constituán nun futuro no termo municipal de Vigo, non so nun aspecto estritamente temporal senón coa intención de resolver os problemas diarios que estas amosan.

Trala anulación polo Tribunal Supremo das ordes aprobatorias do Plan xeral de ordenación urbana de Vigo do 16 de maio de 2008 e do 13 de xullo de 2009 (Sentenza ditada en data 10.11.2015, recurso de casación núm. 1658/2014), recobrou vixencia o PXOU de 1993, nomeado de “Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU á Lei 11/1985, do 22 de abril, de adaptación da do Solo de Galicia” aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia con data 29.04.1993, que, no que aquí nos ocupa, contén unha parca regulación destas entidades, unicamente dispendo no artigo 3.2.3.5 baixo o epígrafe “*Normas de contido mínimo das diferentes figuras de planeamento*” apartado b) in fine que “*De conformidade co disposto nos artigos 25.3 e 68 do RX constituíranse entidades de conservación para as zonas verdes de nova creación, bardante as que teñan a consideración de sistemas xerais*”.

Xa que logo, axuizada a realidade das Entidades urbanísticas de conservación constituídas neste termo municipal e vista a parca regulación de aplicación, considerouse necesario completar o marco normativo existente, co obxectivo de regular o réxime de asunción das súas obrigacións de mantemento e conservación, así como a súa duración.

I.3.- Sentada a imperativa necesidade de elaboración e aprobación da presente ordenanza reguladora das entidades urbanísticas de conservación do Concello de Vigo, o proxecto foi sometido a estudo e ás achegas dos técnicos da área de planeamento e xestión, así como dos técnicos do servizo de proxectos e infraestruturas desta XMU, e unha vez culminado ese proceso foi elaborado un proxecto que neste intre se somete a aprobación inicial.

I.4.- O texto do proxecto de ordenanza é sobre o que versa o presente informe; facendo constar, xa neste intre, que do mesmo non se desprenden cuestións que determinen un incremento do gasto público.

## II.- Normativa examinada

- Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia”, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia con data 29/04/1993 (DOG 10/05/1993),

- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana,

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia ,

- RPU (R.D 2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de planeamento urbanístico),

- RXU (R.D 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística),

- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local), coas súas diversas modificacións.

- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

- A Lei 28/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,



- O Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,
- Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data 06.09.2010 (BOP núm. 193 do 6/10/2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

### III.- Dereito/ Fundamentación Xurídica

III.1- O principio de participación cidadá é un dos principios fundamentais do noso ordenamento xurídico, tal e como consagran os artigos 9.2 e 105 a) da Constitución Española.

O Regulamento de xestión urbanística, aprobado polo Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto- en diante RXU- (en vigor no momento de redacción da presente ordenanza) regula o Deber de conservación nos artigos 67 a 70; Pola súa banda, o artigo 25.3 do mesmo corpo legal establece a obrigatoriedade de constitución dunha entidade urbanística de conservación sempre que o deber de conservación das obras de urbanización recaia sobre os propietarios comprendidos nun polígono ou unidade de actuación en virtude das determinacións do plan de ordenación ou bases do programa de actuación urbanística ou resulte expresamente de disposicións legais sendo neste casos a pertenza á entidade obrigatoria para todos os propietarios comprendidos no seu ámbito territorial.

A vixente Lei do solo de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, (LSG) adica o Título IV á execución dos instrumentos de planeamento urbanístico. Asemade, o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (DOG núm. 213, do 9 de novembro de 2016), cuxa entrada en vigor se producirá ao mes desta publicación, adica o Título IV baixo a mesma rúbrica á execución do planeamento urbanístico.

III.2.- A presente ordenanza municipal define, a teor do disposto no RXU, na LSG e demais normativa aplicable, o réxime de asunción das obrigacións de mantemento e conservación das obras de urbanización así como a súa duración, aplicable ás Entidades urbanísticas de conservación independentemente de que se constituísen con anterioridade ou posterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza.

III-3.- En consonancia co disposto nos artigos 2 e 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LBRL), -modificada na súa redacción polas Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei 57/2003, do 16 de decembro, e máis recentemente pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local-, o artigo 25.1 do mesmo corpo legal, dispón que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos que neste precepto se prevén; e, segundo a alínea 2.a) do devandito art. 25, o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia tales como planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

III.4- Ao abeiro do pautado no artigo 4.1. a) da LBRL e 6.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, que recoñecen potestade regulamentaria e de autorganización aos municipios, este Concello na súa calidade de administración pública de carácter

territorial e sempre dentro do ámbito das súas competencias, vai regular a través da presente ordenanza, o réxime de asunción das obrigacións das entidades urbanísticas de conservación así como a súa duración.

III.5- A presente ordenanza se xestiona, como exercicio dunha competencia propia, polo que se estima que a súa aprobación non vai a afectar ao custo efectivo dos servizos que se prestan nin aos obxectivos de estabilidade financeira e sostibilidade orzamentaria, consonte coas esixencias previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e vixente lexislación de réxime local. Todo isto, sen prexuízo de que poida someterse o expediente á Intervención xeral municipal para a emisión do informe que proceda a estes efectos.

III.6- As ordenanzas participan da natureza de disposicións administrativas de carácter xeral, instrumento normativo suxeito a un procedemento formal de tramitación, regulado no artigo 49 e 70.2 da LRBRL e no artigo 56 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

O Título X da LRBRL, engadido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, establece un réxime de organización propio para os municipios de gran poboación.

Asemade é de aplicación o Regulamento orgánico regulador do Pleno do Concello de Vigo (BOP núm. 114 do 15.06.2016).

Xa que logo, a tramitación e aprobación das ordenanzas locais, axustase ao disposto no artigo 49 da LRBRL, co seguinte “iter procedimental”:

- a) Aprobación inicial polo Pleno, por maioría simple (consonte co artigo 123.1d) da LRBRL).
- b) Información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de trinta días, para que poidan achegar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.
- c) Concluído o período de información pública, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo, con incorporación ao texto das modificacións subsecuentes e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de non se presentar reclamación ou suxestións algunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.
- d) O acordo de aprobación definitiva da ordenanza, co texto íntegro da mesma, deberá publicarse para o seu xeral coñecemento no “Taboleiro de Edictos” do Concello, na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no “Boletín Oficial” da provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da LRBRL.
- e) Transcurso do prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL, isto é, quince días hábiles contados a partir da recepción da comunicación do acordo pola Administración do Estado e pola Comunidade Autónoma.

III.7- Consonte ao artigo 127 da LRBRL correspóndelle á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas comisións. Neste mesmo senso maniféstase o Regulamento orgánico do Pleno municipal amentado con anterioridade, polo que o proxecto da presente ordenanza, será sometido á aprobación da Xunta de Goberno

Local por proposta do Consello da xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos Estatutos desta, con carácter previo á aprobación inicial polo Pleno.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local poderá aprobar o proxecto definitivo da presente ordenanza e propor ao Pleno da corporación a adopción do seguinte,

#### Acordo

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á “Ordenanza municipal reguladora das entidades urbanísticas de conservación do Concello de Vigo”, cuxo texto se achega ao presente acordo.

Segundo.- Dispoñer que o texto íntegro da presente ordenanza á que neste intre se presta aprobación inicial, sexa sometido á información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días aos efectos de que se poidan presentar reclamacións e/ou suxestións, mediante anuncio que se inserirá no “Boletín Oficial” da provincia, no “Taboleiro de Edictos” do Concello, e na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org>.

Terceiro.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial, de non se formular alegacións, procederáse á publicación do texto íntegro da presente ordenanza, no “Boletín Oficial” da provincia, sen que entre en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación, de conformidade co previsto no art. 70.2 da LBRL e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 do mesmo corpo legal.

Con data 2/12/16, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, acorda “elevar o presente proxecto de ordenanza á Xunta de Goberno Local para a súa resolución e elevación ao Pleno”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o proxecto de “Ordenanza municipal reguladora das entidades urbanísticas de conservación do Concello de Vigo” que de seguido se transcribe.

### PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ENTIDADES URBANÍSTICAS DE CONSERVACIÓN DO CONCELLO DE VIGO

#### *Parte expositiva*

*O principio de participación cidadá é un dos principios fundamentais do noso ordenamento xurídico, tal e como consagran os artigos 9.2 e 105 a) da Constitución Española, e que ten unha evidente manifestación no campo do urbanismo, integra este en noso ordenamento xurídico unha función pública pero que se ten que desenvolver promovendo intensamente aquela participación.*

*Tal participación se produce non só na fase de formación do planeamento, senón tamén na da súa execución e aínda despois de finalizada esta mediante as entidades de conservación. Estas teñen como finalidade en harmonía co momento no que xorden a conservación e mantemento das obras de urbanización, dotacións e instalacións dos servizos públicos.*

*A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en diante LSG) dispón no seu artigo 96.6 que o planeamento urbanístico poderá prever que a conservación da urbanización sexa*

*a cargo dos propietarios dos soares resultantes, e neste caso a conservación da urbanización corresponderá a esta entidade polo prazo que sinale o plan, continúa indicando que as entidades urbanísticas de conservación son entidades de dereito público, de adscrición obrigatoria e con personalidade e capacidade xurídica propias para o cumprimento dos seus fins.*

*Observando a normativa estatal vixente, o Deber de conservación aparece regulado no Regulamento de xestión urbanística, aprobado polo Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto en diante RXU- (en vigor no momento de redacción da presente ordenanza) artigos 67 a 70; Pola súa banda, o artigo 25.3 do RXU establece a obrigatoriedade de constitución dunha entidade urbanística de conservación sempre que o deber de conservación das obras de urbanización recaía sobre os propietarios comprendidos nun polígono ou unidade de actuación en virtude das determinacións do plan de ordenación ou bases do programa de actuación urbanística ou resulte expresamente de disposicións legais sendo neste casos a pertenza á entidade obrigatoria para todos os propietarios comprendidos no seu ámbito territorial.*

*Ditos artigos non conteñen limitación ao dereito de propiedade privada nin da liberdade do dereito de asociación senón que recollen a participación cidadá na función de conservación dos bens demaniais.*

*Na nosa comunidade autónoma, a vixente Lei do solo de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, adica o Título IV á execución dos instrumentos de planeamento urbanístico. Asemade, o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (DOG núm. 213, do 9 de novembro de 2016), cuxa entrada en vigor se producirá ao mes desta publicación, adica o Título IV baixo a mesma rúbrica á execución do planeamento urbanístico.*

*Segundo o esquema que nos ofrece a LSG, o deber de conservar as obras de urbanización, incluíndo o mantemento das dotacións e dos servizos públicos correspondentes, unha vez se teña producido a recepción destas en legal forma, pode corresponder tanto ao municipio como aos propietarios constituídos a estes efectos en Entidade urbanística de conservación.*

*Polo tanto, sendo a regra xeral que a conservación da urbanización corresponda á administración actuante (artigo 67RXU), corresponderá aos propietarios constituídos en entidade cando o planeamento, os pactos ou a lei impoñan este deber aos mesmos (art. 68 RXU e nos mesmos termos o artigo 96.6 da LSG).*

*En definitiva si a administración municipal así o dispón mediante o condicionamento concreto no plan ou proxecto de urbanización, mediante acordo específico posterior ou mediante inclusión, previa ou posterior, de determinacións no planeamento, a conservación da urbanización correrá a cargo dos propietarios da mesma.*

*As entidades de conservación implican a previa realización da urbanización, sendo o seu obxecto precisamente a conservación e mantemento dunha urbanización xa realizada. Como premisa fundamental é necesario sinalar que estas entidades estarán sempre vinculadas a un elemento territorial. Se non existen obras de urbanización que deban ser conservadas non será necesaria a existencia de ditas entidades.*

*Este tipo de entidades colaboradoras, constitúen unha colectividade, considerada como unidade territorial e de intereses sendo por tanto lóxica a pertenza obrigatoria de todos os pro-*

*pietarios incluídos no seu ámbito. Ditos propietarios non poderán subtraerse á pertenza a ditas entidades, posto que, en razón da finalidade perseguida, esta ven predeterminada pola propiedade dos terreos no ámbito territorial da urbanización.*

*As facultades que lle son propias verán referidas, tal e como a súa propia denominación prevé, á adopción de medidas precisas para a conservación das obras de urbanización e o mantemento das dotacións e instalacións dos servizos públicos en condicións adecuadas de seguridade, salubridade e ornato público, con unha clara finalidade pública e interese xeral. O mantemento das dotacións e instalacións dos servizos públicos non pode limitarse á conservación en bo estado de seguridade, salubridade e ornato de aquelas, senón que debe estenderse ao seu funcionamento eficaz, porque a finalidade do mantemento das instalacións é a prestación do servizo, xa que o mantemento das instalacións dos servizos públicos engade un “Plus” a mera conservación das obras executadas, comprendendo o concepto de “mantemento” a circunstancia de que a cousa se atope en condicións de seguir sendo susceptible de procura a utilidade á que se dirixe, tendo por finalidade situar a cousa en condicións de servir ao uso ao que se dirixe.*

*As entidades urbanísticas de conservación, terán como obxecto, en consecuencia co seu propio concepto, a conservación e mantemento de determinadas obras, instalacións e servizos de unha determinada zona ou unidade, de conformidade co disposto nos seus respectivos Estatutos.*

*Dentro do seu obxecto non poderá incluírse, de conformidade co criterio xurisprudencial maioritario, a prestación dos servizos obrigatorios a cargo da administración actuante, tales como o servizo de recollida de lixo ou de abastecemento de augas. Tampouco será posible estender as obrigacións a supostos que excedan dos fines que lle son propios a tales Entidades.*

*Ao funcionamento da entidade lle será aplicable, para a adopción de acordos, o disposto nos seus Estatutos, debidamente aprobados pola Administración actuante e a falta de regulación expresa nos mesmos, deberán de axustarse ás previsións xenéricas contidas no RXU ou norma que nun futuro o substitúa.*

*Unha das cuestións máis debatidas é que será obxecto de regulación a través da presente ordenanza é a referente ao prazo de conservación. Tan inxusto é impoñer “sine die” a obrigação como eximir dela aos propietarios das urbanizacións. Neste senso, debe ser o Planeamento, no que na súa normativa, determine e concrete o prazo máximo de conservación. A tendencia lexislativa actual se orienta cara a fixación dun prazo definido. Atendendo a todo o anterior, a finalidade da presente ordenanza, ante a “ausencia” de previsións temporais na lexislación e no planeamento vixente, e completar a regulación aplicable ás entidades urbanísticas de conservación existentes e que se constitúan nun futuro no termo municipal de Vigo, non so nun aspecto estritamente temporal senón coa intención de resolver os problemas diarios que estas amosan.*

*Neste senso, e trala anulación polo Tribunal Supremo, por mor da sentenza ditada en data 10.11.2015 no recurso de casación núm. 1658/2014, das ordes aprobatorias do Plan xeral de ordenación urbana de Vigo do 16 de maio de 2008 e do 13 de xullo de 2009, recobrou vixencia o PXOU de 1993, nomeado de “Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU á Lei 11/1985, do 22 de abril, de adaptación da do Solo de Galicia” aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia con data 29.04.1993, que, no que aquí nos interesa contén unha parca regulación destas entidades, unicamente dispendo no artigo 3.2.3.5*

baixo o epígrafe “Normas de contido mínimo das diferentes figuras de planeamento” apartado b) in fine que “De conformidade co disposto nos artigos 25.3 e 68 do RX constituíranse entidades de conservación para as zonas verdes de nova creación, bardante as que teñan a consideración de sistemas xerais”.

Xa que logo, axuizada a realidade das Entidades urbanísticas de conservación constituídas neste termo municipal e vista a parca regulación de aplicación, considérase necesario completar o marco normativo existente, co obxectivo de regular o réxime de asunción das súas obrigacións de mantemento e conservación, así como a súa duración, polo que en exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que lle corresponde a esta administración municipal, dítase a presente ordenanza,

## **ESTRUTURA**

A presente ordenanza estrutúrase nun Título preliminar, dous capítulos, que constan de dez artigos, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

## **INDICE**

### Título Preliminar

#### Capítulo I. Disposicións comúns

Artigo 1.- Obxecto e Ámbito de aplicación

Artigo 2.- Réxime xurídico

Artigo 3.- Xurisdición

#### Capítulo II.- As Entidades urbanísticas de conservación

Artigo 4.- Definición

Artigo 5.- Constitución

Artigo 6.- Obrigacións de conservación e mantemento

Artigo 7.- Duración

Artigo 8.- Control

Artigo 9.- Disolución das Entidades urbanísticas de conservación

Artigo 10.- Liquidación

#### Disposición Transitoria Única

#### Disposición Derradeiras

Disposición derradeira primeira

Disposición derradeira segunda

### Título Preliminar

#### Capítulo I. Disposicións comúns

##### Artigo 1.- Obxecto e Ámbito de aplicación

A presente ordenanza será de aplicación ás Entidades urbanísticas de conservación existentes e que nun futuro se constituán neste termo municipal de Vigo, en orden a regular o réxime de asunción das obrigacións de mantemento e conservación de ditas obras de urbanización, así como a súa duración. Aplicarase ás Entidades urbanísticas de conservación independentemente de que se constituísen con anterioridade ou posterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza.

##### Artigo 2.- Réxime xurídico

Ás entidades urbanísticas de conservación rexeranse polo disposto nos seus Estatutos así como pola demais normativa urbanística que lle resulte de aplicación. Supletoriamente, po-

*las normas reguladoras do réxime de propiedade horizontal e, en defecto destas pola regulación dos órganos colexiados establecida na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

### *Artigo 3.- Xurisdición*

*A xurisdición competente para o coñecemento dos recursos verbo do funcionamento das entidades urbanísticas de conservación e os recursos que se interpoñen perante os acordos dos seus órganos de goberno será a contenciosa administrativa.*

## *Capítulo II.- As Entidades urbanísticas de conservación*

### *Artigo 4.- Definición*

*As entidades urbanísticas de conservación son o fiel reflexo do principio constitucional de participación cidadá manifestado despois da fase de execución do Planeamento urbanístico en aras á conservación e mantemento das obras de urbanización, dotacións e instalacións dos servizos públicos, así como a asunción dos custes e gastos de subministro de ditos servizos.*

*O establecido no punto anterior implica a previa realización da urbanización, xa que o seu obxecto é precisamente a conservación e mantemento dunha urbanización xa executada.*

### *Artigo 5.- Constitución*

*A presente ordenanza só regulará a constitución de aquelas entidades urbanísticas de conservación que consonte ao previsto no artigo 68 do RXU ou norma que nun futuro a substitúa teñan o carácter de obrigatorias e cuxa pertenza á mesma é preceptiva para todos os propietarios incluídos no seu ámbito territorial, excepto os propietarios de parcelas destinadas a dotacións públicas derivadas das cesións obrigatorias e gratuítas, debendo contribuír, non obstante á conservación a partir do momento en que pasen a ter carácter lucrativo privado, ben por concesión ben por transmisión, ben por calquera outro título legalmente previsto.*

*Non obstante poderán constituírse entidades de conservación de carácter voluntario sempre que no acordo da súa constitución exista unanimidade por parte de todos os afectados.*

*Nas urbanizacións cuxa execución material veña prevista por fases no planeamento de procedencia ou, no seu defecto, no proxecto de urbanización correspondente, non asumirá a entidade urbanística de conservación as súas obrigacións ata que non teñan sido executadas as obras de urbanización correspondentes a totalidade das fases e estas teñan sido recibidas polo Concello.*

*A xunta de compensación, o promotor ou os propietarios do ámbito correspondente, veñen obrigados a conservar ata que a entidade de conservación asuma as súas obrigacións.*

*As Entidades urbanísticas de conservación rexeranse polos seus Estatutos e polo disposto nos artigos 24 e seguintes do RXU (ou norma que nun futuro a substitúa). Un representante municipal formará parte do órgano reitor das Entidades urbanísticas de conservación.*

### *Artigo 6.- Obrigacións de conservación e mantemento*

*6.1.- Obrigacións Básicas de conservación e mantemento a cargo das Entidades urbanísticas de conservación.*

*- Os espazos verdes públicos de nova creación propios do plan, polígono ou unidade de actuación de referencia e os espazos libres privados sobre os que se constituía un dereito real de uso público da súa superficie en favor do Concello.*

*- Mantemento das zonas verdes públicas, incluíndo:*

- Mantemento de arborado, plantas e céspede, podas, aboado, sega, recollida de folla, etc*
- Mantemento dos pavimentos terrazos dos sendeiros peonís.*
- Rede de drenaxe das zonas verdes.*
- Xardineiras.*
- Rede de rego, incluíndo programadores, electroválvulas, tuberías, válvulas, tuberías de goteo, aspersores e difusores.*
- Mantemento de mobiliario como bancos, papeleiras, xogos infantís e valado dos mesmos.*
- A substitución dos anteriores elementos (mobiliario e xogos) danados polo vandalismo, correrá a cargo do Concello.*
- Limpeza e recollida de lixo en toda a zona verde.*

*6.2.- Obrigacións Básicas de conservación e mantemento a cargo do Concello.*

*- Os gastos de conservación e mantemento do viario.*

*- Os gastos orixinados polos servizos de limpeza e recollida de lixo excepto nas zonas verdes.*

*- Os gastos de conservación e mantemento da rede de alumeado público en los viarios, incluíndo as zonas verdes.*

*- Os consumos de enerxía de alumeado público e de auga de rego.*

*- A rede de alumeado público mantida polo Concello debe ser accesible en todo momento e en todos os seus elementos para os servizos concesionarios de alumeado público.*

*6.3.- Mantemento dos espazos libres privados, con cesión de uso público de superficie*

*- Si se trata de zonas verdes, ademais das obrigacións dos propietarios citadas no apartado 6.1 e conforme ao acordo da comisión de goberno de 07/02/1991, toda a estrutura baixo a superficie (forxados, capas impermeabilizantes, rede de evacuación de augas pluviais, sumidoiros, etc) será de estrita conservación da propiedade.*

*- Si se trata de espazos pavimentados como ampliacións de beirarrúas, soportais, etc, a conservación da superficie (baldosas, solados, etc) e conforme co acordo da comisión de goberno de 07.02.1991, toda a estrutura baixo a superficie (forxados, capas impermeabilizantes, rede de evacuación de augas pluviais, sumidoiros, etc) será de estrita conservación da propiedade*



Os gastos orixinados pola conservación e reparación das redes eléctricas de alta, media e baixa tensión, da rede de subministro de auga, da rede de saneamento e augas pluviais (excepto as que serven de maneira exclusiva á superficie de cesión), da rede de telefonía, así como os derivados doutras infraestruturas que se proxecten serán a cargo das compañías subministradoras de ditos servizos.

#### *Artigo 7.- Duración*

As obrigacións básicas previstas no artigo anterior se estenderán por un prazo de cinco anos dende a recepción definitiva por parte do Concello da totalidade das obras de urbanización do ámbito territorial de que se trate, e dicir, no caso de execución por fases non computará ata a recepción das obras de urbanización da totalidade das fases.

O mantemento durante o amentado prazo de cinco anos deberá ser continuado. Neste senso, o Concello de Vigo supervisará periodicamente o seu efectivo cumprimento, adoptando no caso de incumprimento as medidas legais que resulten oportunas.

No caso de espazos de titularidade privada e uso público a obriga do seu mantemento terá un prazo indefinido.

Con carácter especial ponderase establecer Entidades urbanísticas de conservación de duración indefinida, atendendo ás especiais condicións ou estándares de servizos ou equipamentos que demanden determinadas actuacións.

O mantemento das zonas de cesión de uso en superficie deberán se mantidas a perpetuidade polos seus titulares, alcanzando este mantemento ao expresado anteriormente, así como aos pavimentos, súas bases de asento, capas de impermeabilización e as súas estruturas de forxado, Asemade serán do seu enteiro mantemento as redes de recollida de pluviais que se canalicen polo interior ou por encima destes, incluso canaletas e sumidoiros.

No caso de que transcorreran máis de cinco anos dende a recepción total das obras de urbanización e a conservación da urbanización correra a cargo da Xunta de compensación (ou dos propietarios do ámbito), non será necesaria a constitución dunha Entidade urbanística de conservación, para elo será necesaria a xustificación do mantemento continuado efectuado e que a urbanización se atopa en bo estado.

O servizo de urbanización e infraestruturas da Xerencia municipal de urbanismo e o servizo de obras municipal do Concello de Vigo xirarán visita de inspección e evacuarán informe sobre o estado da urbanización; Neste senso e se o estado non fora o axeitado comunicarase en legal forma aos propietarios do ámbito a necesidade da constitución da correspondente Entidade Urbanística de Conservación.

#### *Artigo 8.- Control*

O órgano de control e fiscalización da entidade urbanística de conservación, unicamente no que atinxe as cuestións urbanísticas e de funcionamento, será o Concello de Vigo.

#### *Artigo 9.- Disolución das Entidades Urbanísticas de Conservación.*

Transcorrido o prazo de cinco anos dende a recepción total das obras de urbanización a Entidade urbanística de conservación poderá solicitar a súa disolución, agás que a duración prevista para a mesma teña un carácter indefinido.

*Para elo deberá presentar no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo unha solicitude para proceder á súa disolución, á que deberá acompañar unha memoria dos traballos de conservación realizados e unha reportaxe fotográfica dos terreos e elementos obxecto da conservación.*

*Os técnicos do Servizo de proxectos e Infraestruturas da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo xirarán a correspondente visita de inspección e realizarán un informe do estado da urbanización obxecto da conservación.*

*Nun prazo máximo dun mes a Entidade urbanística de conservación deberá convocar a correspondente Asemblea para acordar a súa disolución. A acta desta, protocolaria ante notario, será presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo que procederá á súa aprobación expresa e a súa inscrición no rexistro que corresponda.*

#### *Artigo 10.- Liquidación*

*Acordada validamente a disolución da Entidade urbanística de conservación, nomearase pola Asemblea ou Xunta directiva unha comisión de liquidación que procederá a liquidación das débedas e cobros pendentes, distribuíndose o seu crédito ou o remanente entre os seus membros, en proporción as súas cotas respectivas.*

#### *Disposición transitoria única*

*Mentres tanto non se produza a entrada en vigor da revisión do PXOU de 1993, actualmente en fase de tramitación, as obrigacións establecidas na presente ordenanza serán de aplicación ás Entidades urbanísticas de conservación existentes e que nun futuro se constitúan neste termo municipal.*

#### *Disposicións derradeiras*

##### *Disposición derradeira primeira*

*A entrada en vigor de normas de rango superior a presente ordenanza que atinxa ás materias que aquí se regulan determinará a súa automática aplicación, sen prexuízo da ulterior modificación ou adaptación desta ordenanza, se for necesario.*

##### *Disposición derradeira segunda*

*A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boleín oficial da provincia, sempre que tivese transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

**19(1334).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DO EXOTARIUM E BOLBORETARIO NO SERVIZO DO VIGOZOO. EXPTE. 7172/612.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 4/11/16, o informe de fiscalización de data 30/11/16, dáse conta informe-proposta de data 11/11/16, asinado polo director de réxime interior de VigoZoo, a concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, e o concelleiro delegado de Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

*Con data 19 de xullo do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para contratación do servizo de xestión integral do Exotarium e bolboretario no servizo de VigoZoo que se ven prestando a través da modalidade de Contrato Menor.*

*A xustificación do inicio do mesmo ven dada porque se considera que a xestión a través de Contrato Menor, debido aos gasto que supón, ademais da temporalidade necesaria para dar continuidade ao servizo de referencia, fan que se considere a necesidade de apertura de expediente para licitación da contratación do servizo de referencia.*

*Esta contratación, a través de licitación, supón cubrir debidamente as necesidades do servizo coa consecución dos máximos niveis de mantemento das actuais instalacións, o deseño e asesoramento de novas propostas para a renovación parcial ou integral das mesmas e a proposta de novas especies e individuos a introducir na colección de fauna dentro de estas instalacións.*

*Ademais do anterior, a través do contrato de referencia se regulará a prestación do servizo por parte do adxudicatario do contrato do servizo de mantemento e xestión integral das instalacións seguintes:*

- Recintos animais localizados no exotarium de Vigozoo.*
- Zona de cociña do exotarium e cultivo de alimento vivo.*
- Zona de reserva de réptiles.*
- Zona de hospitalización adscrita á fauna existente das instalacións anteriores.*

*A finalidade última do contrato é a consecución dos máximos niveis de mantemento das actuais instalacións.*

*Como consecuencia do anterior, coa mesma data, a Concelleira de Area de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de xestión integral do Exotarium e instalacións anexas de VigoZoo.*

*No proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).*

*En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*No expediente de contratación consta a seguinte documentación:*

- 1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo o Director de Réxime Interior – Zoo o 19 de xullo de 2016.*
- 2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente para o inicio do expediente do 19 e xullo de 2016.*
- 3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime interior-Zoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente o 27 de setembro de 2016.*
- 4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario de Zoo o 27 de setembro de 2016.*
- 5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 5 de outubro de 2016.*
- 6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 3 de novembro de 2016.*
- 7. Informe xurídico emitido pola Asesora Xurídica Municipal de data 4 de novembro de 2016.*

## *2.- Condición definitorias do contrato:*

### *a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato*

*O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, a prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións de VigoZoo.*

### *b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación*

*A forma de tramitación do expediente é a ordinaria, regulada nos artigos 109 e 110 TRLCSP e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 157 do TRLCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.*

### *c) Orzamento e base de licitación*

*Sínálase o presuposto total do contrato (121.532,40 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (21.092,40 €) e o valor estimado (167.400 €). A execución do contrato abrangue 3 anualidades (IVE incluído):*

- ano 2016: 3.375,90 €*
- ano 2017: 40.510,80 €*

- ano 2018: 40.510,80 €
- ano 2019: 37.134,90 €

*Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.227.99.01 "Servizo Reptilario", onde será necesario utilizar crédito a nivel de bolsa de vinculacións xa que non é suficiente o crédito dispoñible na partida.*

*A utilización de aproximadamente 3.000,00 € da bolsa de vinculacións non supón alteración do financiamento do servizo xa que no actual orzamento do servizo 3371 "VigoZoo" existen partidas que non terán disposición de fondos por ser competencia do Concello.*

*d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato*

*En cumprimento do art. 22 da TRLCSP, a necesidade de facelo se xustifica polo mantemento de instalacións nas que se desenvolven actividades municipais relativas a ocupación do tempo libre. Os municipios ostentan competencias propias para promover a cultura e a ocupación do tempo libre, en virtude do disposto nos artigos 25.2.l e m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.m da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.*

*Así mesmo, de acordo co mesmo art. 22, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na TRLCSP.*

*Esta prestación de diversos servizos nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.*

*e) Prazo de execución e prórrogas*

*O prazo de execución é de 3 anos, establecéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, en cumprimento do previsto no artigo 303.1 do TRLCSP.*

*f) Réxime de pagamentos*

*Prevese expresamente o réxime de pagamentos segundo o disposto no artigo 216 do TRLCSP, de xeito que se efectuará logo da presentación polo contratista, con carácter mensual, das correspondentes facturas, que serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por 12 mensualidades.*

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria (art.65 do TRLCSP).

h) Persoal do contratista

O PCAP (cláusula 27) contempla que o persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, quen terá todos os dereitos e obrigas inherentes á súa calidade de empregador respecto do mesmo, e recolle de forma expresa que non poderá producirse, coa extinción do contrato, a consolidación das persoas que realicen os traballos que constitúan o seu obxecto (artigo 301.4 do TRLCSP).

i) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario do Servizo de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil e danos por unha contía mínima de 300.000 € para cubrilas continxencias que se puideran producir derivadas da prestación do servizo, ademais da xeral contratada para actividade que desenrola.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 27 de setembro de 2016 polo Director de Rexime Interior do Servizo VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 8 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio, en cumprimento do artigo 150.3g) do TRLCSP: CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Redución do prezo: ata 85 puntos.

2.- Bolsa de horas de prestación do servizo sen custe para o Concello: ata 15 puntos.

A fórmula para valorar estes criterios remítese á cláusula 15 e en canto aos criterios para a consideración das ofertas con valores anormais, tal e como se reflicte no apartado 8D das FEC, neste procedemento non se considerará que as ofertas poidan conter valores anormais ou desproporcionados.

En relación coas fórmulas o TACRC, entre outras, na Resolución 906/201 considera que: "Lo único que impone en este sentido el TRLCSP es que se concrete en el Pliego la fórmula elegida, que ésta atribuya una puntuación superior a la oferta más barata y menor a la más cara y que se guarde la adecuada proporción en la atribución de puntos a las intermedias".

*Sobre o concreto funcionamento das fórmulas establecidas nos pregos para valorar o prezo e respectar o antedito, remitímonos ao criterio máis especializado que puidese expresar a Intervención municipal.*

#### 4.- Revisión de prezos:

*Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteñanse sen grandes modificacións nos próximos anos.*

#### **PROPOSTA:**

*Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da prestación do servizo de xestión integral do Exotarium e bolboretario no servizo de VigoZoo*

*SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 27 de setembro de 2016 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 3 de novembro de 2016.*

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 121.532,40 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (21.092,40 €) e a anualidade máxima do 2016 será 3.375,90 €. A financiación do contrato de servizos será a cargo da partida 3371.227.99.01 "Servizo Reptilario".*

*CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(1335).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.